

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 21 DE DECEMBRO DE 2017,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Decreto polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2018.

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Decreto polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario, a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de persoas perceptoras das pensións do fondo de asistencia social e das persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromiso de gasto de carácter plurianual e o establecemento de pagamentos á conta en porcentaxe superior ao previsto no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación coa resolución pola que se regulan as bases para a concesión de bolsas de formación práctica en diversas áreas da Axencia Turismo de Galicia durante os anos 2018 e 2019 e se procede á súa convocatoria, por importe de cincuenta e tres mil catrocentos dous euros con vinte e catro céntimos (53.402,24 €)

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 80 % derivados da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, con cargo ao Programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2018, por un importe total dun millón cincocentos oitenta mil setecentos euros con vinte e oito céntimos (1.580.700,28 €).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a concesión de anticipos de ata o 75 % derivados da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria no ano 2018, por un importe total de catro millóns douscentos corenta e oito mil seiscentos once euros con noventa e oito céntimos (4.248.611,98 €).

## **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra "Vía de conexión da A-52 co polígono industrial de San Cibrao das Viñas. Treito: A-52 - N-525". Clave OU/15/107.01 por importe de vinte e un millóns trinta mil oitocentos seis euros con trinta e nove céntimos (21.030.806,39 €) e un valor estimado de dezasete millóns trescentos oitenta mil oitocentos trinta e un euros con setenta e tres céntimos (17.380.831,73 €).

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto de carácter plurianual, a superación da porcentaxe e a exención de constitución de garantías nos pagamentos anticipados, derivado da convocatoria das axudas do Igape a proxectos de formación Industria 4.0, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, por un importe total de setecentos mil euros (700.000,00 €).

- Acordo polo que exime de constitución de garantías nos pagamentos anticipados derivados da convocatoria para o exercicio 2018 dos obradoiros e das axudas do Igape á dixitalización Industria 4.0 cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por un importe total de cinco millóns de euros (5.000.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño e se autoriza o compromiso plurianual de gastos, de acordo co establecido no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia previsto na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, e se convocan para o ano 2018 e 2019. Importe total: un millón cento vinte e catro mil euros (1.124.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción e se convocan para o ano 2018. Importe total: douscentos noventa mil euros (290.000,00 €).
- Acordo polo que se declaran de interese especial varios proxectos de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables e as súas infraestruturas de evacuación asociadas.

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a superación do límite indicado no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Axencia Galega de Innovación (GAIN) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en relación co programa de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, por un importe total de sete millóns cincocentos sesenta e tres mil euros (7.563.000,00€).

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, do servizo de realización de probas de laboratorio para os centros dependentes do Servizo Galego de Saúde, por un importe dous millóns oitenta e dous mil cincocentos vinte e dous euros con cincuenta e dous céntimos (2.082.522,52€), e un valor estimado de seis millóns douscentos corenta e sete mil cincocentos sesenta e sete euros con cincuenta e seis céntimos (6.247.567,56 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de válvulas e outros implantes cardíacos necesarios para a práctica asistencial da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo, por un importe de dous millóns oitocentos oitenta e oito mil seis euros (2.888.006,00 €) e un valor estimado de seis millóns trescentos un mil cento catro euros (6.301.104,00 €).

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á 9ª prórroga do contrato para a xestión de servizos públicos, modalidade de concerto, de reserva e ocupación de prazas de persoas con discapacidade intelectual con necesidades de apoio extenso e xeneralizado en situación de dependencia na residencia e centro de día "O Salgueiro" sito en Gondomar, Pontevedra (expediente PN 5/mini2008). Importe do orzamento: douscentos cincuenta mil setecentos corenta e tres euros con oitenta e catro céntimos (250.743,84 €).

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Ordes para a execución de obras de infraestruturas rurais, por un importe total de cincuenta e sete mil novecentos oitenta e nove euros con trinta e cinco céntimos (57.989,35 €).

## INFORMES

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para o fomento do emprendemento en economía social (Programa APROL - Economía Social), cofinanciadas parcialmente con cargo ao programa operativo do Fondo Social Europeo, convocatoria para o ano 2018.

## CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Informe sobre as axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

## **A XUNTA PUBLICARÁ 180 ESTADÍSTICAS EN 2018, CON NOVAS ANÁLISES SOBRE POBOACIÓN, PESCA, MINERÍA E DEMOGRAFÍA EMPRESARIAL**

- *O programa do vindeiro ano inclúe 144 actividades de difusión e información e 36 de análise*
- *Estas operacións permitirán afondar na calidade, a transparencia, o rigor e a obxectividade do sistema estatístico galego*
- *Aumentará a oferta de información dos concellos para estimar a carga estacional de poboación e o emprego asociado ao seu PIB*
- *Seguiranse executando as grandes enquisas como a EPA ou a Enquisa Estrutural a Fogares que se completará con información sobre coidado de menores*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Programa estatístico da Comunidade Autónoma para 2018, a través do cal a Xunta realizará o vindeiro ano 180 estatísticas e ampliará información con novas análises sobre poboación dependente, o emprego na pesca, a demografía empresarial, a minería e as actividades de fabricación de produtos non metálicos.

Destas 180 estatísticas, 144 son actividades de difusión e información e 36 son actividades de análise que servirán para afondar na calidade, a transparencia, o rigor e a obxectividade do sistema estatístico galego e incrementar o valor da información obtida.

Entre as novidades do Programa estatístico de Galicia para o vindeiro ano destacan, ademais estatísticas sobre a carga de poboación estacional e o emprego asociado co produto interior bruto (PIB) de cada concello para ampliar a información con desagregación municipal. Tamén se inclúen novas estatísticas sobre traballadores por conta propia ou inserción laboral das persoas tituladas en formación profesional.

Este é o segundo programa do Plan galego de estatística 2017-2021, que consolida e amplía os logros do anterior e aposta pola calidade. Neste sentido, o Instituto Galego de Estatística (IGE) seguirá a executar as grandes enquisas dos programas anteriores como a Enquisa de Poboación Activa (EPA) ou a Enquisa Estrutural a Fogares (EEF), que completará a súa difusión con información sobre coidado de menores.

### **Plan estatístico 2017-2021**

O Plan galego de estatística 2017-2021 supón un marco legal que consolida e amplía os logros dos anteriores. Ademais, coloca a Galicia entre o reducido número de comunidades autónomas dotadas dun sistema estatístico acorde cos principios internacionais de boas prácticas.

O plan asume expresamente o código de conduta adoptado polo comité do sistema estatístico europeo. Polo tanto, a organización estatística de Galicia queda sometida aos seus principios. A independencia profesional do persoal estatístico, a imparcialidade, a obxectividade e a transparencia son algúns deles.

## **A XUNTA DE GALICIA GARANTE UN COMPLEMENTO ECONÓMICO DE 206 EUROS A 40.000 PENSIONISTAS COAS RENDAS MÁIS BAIXAS**

- *A Administración establece axudas sociais de carácter extraordinario, a favor de pensionistas de xubilación e invalidez na súa modalidade non contributiva, para as que investirá 8,2 millóns de euros*
- *Esta medida forma parte da aposta decidida do Goberno galego de seguir apoiando ás persoas e familias con menos recursos*
- *En 2018, as partidas económicas no ámbito da Inclusión Social ascenderán a 115,2 millóns de euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de decreto que establece o complemento extraordinario para persoas con pensións non contributivas da Seguridade Social (PNCS), do Fondo de Asistencia Social (FAS) e do Subsidio de Garantía de Ingresos Mínimo (SGIM). A contía individual deste complemento fíxase nos 206 euros, e é Galicia unha das comunidades que achega o importe máis elevado a cada pensionista. O Goberno galego destinará 8,2 millóns de euros a esta axuda de carácter social que ten por obxecto contribuír á mellora da renda das persoas cun nivel reducido de ingresos, e da que se beneficiarán en 2017 ao redor de 40.000 pensionistas.

Esta prestación aboarase nun pagamento único mediante transferencia bancaria e non precisa de solicitude previa por parte da persoa beneficiaria, xa que este se realizará de oficio a todas as persoas que reúnan os requisitos establecidos no decreto. Estes son: ter a residencia habitual en Galicia e estar en situación de alta en nómina o 1 de xaneiro de 2017 e permanecer nesta mesma situación de alta o día en que se publique no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) este decreto.

Un ano máis a administración autonómica mantén este complemento dirixido ás pensións non contributivas, dentro da aposta do Goberno galego de seguir apoiando as persoas e familias con menos recursos. Nesta liña, en 2018 as partidas económicas no ámbito da Inclusión Social alcanzan un total de 115,2 millóns de euros. Dentro deste eixe, cómpre salientar o incremento do crédito inicialmente consignado para a RISGA, que ascende a 62,4 millóns de euros.



## **TURISMO DE GALICIA OFERTARÁ NOVE BOLSAS DE PRÁCTICAS FORMATIVAS EN VARIAS DAS SÚAS ÁREAS EN 2018 E 2019**

- *O Consello da Xunta deu luz verde hoxe á resolución pola que se regulan as bases para a concesión de bolsas de formación práctica*
- *A convocatoria, para titulados nos últimos catro anos, céntrase nas súas oficinas de información e na Área de Estudos e Investigación*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a resolución pola que se regulan as bases para a concesión de nove bolsas de formación práctica especializada en varias das áreas de Turismo de Galicia nos anos 2018 e 2019. En concreto, serán oito bolsas para oficinas de información turística autonómicas situadas en diversas cidades galegas e unha para o departamento de Estudos e Investigación.

O obxectivo é fomentar o perfeccionamento profesional dos bolseiros mediante a realización de prácticas suxeitas ao plan de formación que se lles entregará ao comezo. A importancia do turismo no tecido económico e social de Galicia, así como o incremento da calidade deste sector son considerados elementos primordiais para o actual crecemento sostido das cotas de competitividade, o que require a realización dun esforzo continuado na formación dos recursos humanos para adaptar as novas demandas ás actuacións dos titulados.

As oficinas de información turística pertencentes a Turismo de Galicia prestan un servizo importante aos turistas e visitantes e contribúen de xeito significativo a proxectar a imaxe de Galicia no exterior. Por iso, vese conveniente convocar estas bolsas que permiten aos titulados acceder a prácticas para actualizar e mellorar os seus coñecementos e habilidades en materias do eido turístico.

Do mesmo xeito, a Área de Estudos e Investigación, integrada na Dirección de Competitividade de Turismo de Galicia, desenvolve un traballo esencial no eido da análise de datos do mercado turístico cuxo resultado contribúe de maneira esencial ao aumento da competitividade de Galicia como destino á alza.

Esta convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, diríxense a persoas tituladas nos últimos catro anos, que realizarán prácticas tuteladas nas oficinas de turismo de Santiago de Compostela (dúas na oficina da praza de Mazarelos e unha na do Centro Internacional de Acollida ao Peregrino), na da Coruña, na de Pontevedra, na de Vigo, na de Lugo e na oficina de turismo Ourense. Na Área de Estudos e Investigación, con sede na capital galega, poderán levar a cabo labores de investigación, tratamento e análise de datos turísticos.

O prazo de presentación, preferiblemente por vía electrónica, será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). A concesión será tramitada e resolta en tres meses.

## **A XUNTA APROBA AS AXUDAS PARA ENTIDADES SOCIAIS QUE APOIAN MULLERES EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE**

- *Para o desenvolvemento dos programas de recursos integrais o orzamento para o 2018 ascende a 1.580.700 euros*
- *Nesta convocatoria o período subvencionable é de 12 meses, incrementándose o orzamento con respecto ao ano pasado en máis dun 11,3 %*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao proxecto de acordo que establece as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, nas que se engloban as vítimas de violencia de xénero ou de violencia doméstica, de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas, inmigrantes, emigrantes retornadas ou refuxiadas, pertencentes a unha minoría étnica ou reclusas. As axudas que ascenden a 1.580.700 euros, están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, para o ano 2018.

Ao abeiro destas axudas serán subvencionables, por unha banda, o programa de recursos integrais específicos para mulleres xestantes ou lactantes en situación de especial vulnerabilidade, con fillas ou fillos menores de tres anos, o cal debe recolle unha atención integral e especializada a mulleres xestantes e lactantes en situación de especial vulnerabilidade a través de accións dirixidas a promover o seu desenvolvemento persoal, familiar e laboral e a súa autonomía económica e afectiva, co fin de evitar que unha situación desexable poida converterse nun factor de exclusión.

Por outra banda, tamén será subvencionable o programa de recursos integrais de atención personalizada e especializada a mulleres en situación de especial vulnerabilidade. O programa debe considerar unha atención personalizada recollida en proxectos de integración individuais en que se plasmen intervencións específicas como atención psicolóxica, asesoramento xurídico, mediación, adquisición de habilidades persoais e sociais e apoio e orientación laboral.

As actuacións deberán ofrecer servizos de orientación e información sobre recursos singularizados, de atención, orientación e asesoramento persoal e social, así como de apoio directo nas relacións con outras entidades, organismos e servizos que faciliten ás persoas usuarias o seu proceso de integración social; servizo de atención psicolóxica; servizo de asesoramento xurídico; servizo de mediación intercultural e/ou familiar; actividades para a adquisición de habilidades persoais e sociais básicas ou de competencias para a mellora da empregabilidade, ademais de servizos ou medidas de apoio e orientación laboral para a mellora da empregabilidade e de acompañamento na busca de emprego.

A contía máxima da axuda que se pode conceder a cada entidade ao abeiro desta convocatoria é de 40.000 euros. Na convocatoria para o ano 2018 o período subvencionable é de 12 meses, ao igual que no exercicio 2017, incrementándose o orzamento con respecto ao ano pasado en máis dun 11,3 %.

Para poder acceder ás subvencións, as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro deben estar inscritas na área de igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, ter domicilio social ou delegación en Galicia, e non atoparse en ningunha das circunstancias e prohibicións establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## **A XUNTA APROBA AS SUBVENCÍONS ÁS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE**

- ***Os concellos galegos poderán dispoñer de máis de 4,2 millóns de euros para a realización de actuacións encadradas nalgunha das 3 liñas de actuación***
- ***Aprobose a concesión de anticipos de ata o 75 por cento para as subvencións dos programas de fomento da conciliación familiar, prevención e tratamento da violencia de xénero e apoio aos CIM***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a a concesión de anticipos de ata o 75 por cento das subvencións concedidas para o Programa de fomento da conciliación, para o Programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, e para o programa de apoio aos centros de información ás mulleres (CIM), por un importe de máis de 4,2 millóns de euros, cofinanciados nun 80 % polo Fondo Social Europeo, destinados ás entidades locais, como concellos, consorcios, mancomunidades ou agrupación ou asociacións de concellos.

A primeira da liña de axudas é o programa de fomento da conciliación, que engloba as medidas que os concellos adopten coa finalidade de facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas traballadoras; entre esas medidas están os bancos de tempo e outras. A contía máxima que pode recibir unha entidade local por este programa é de 12.000 euros no caso de solicitude individual e ata 22.000 euros se é unha solicitude conxunta de varios concellos. Conta cun orzamento de preto de 525.000 euros.

A segunda das liñas é o programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, que subvenciona as accións de intervención de carácter integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero, coas súas fillas e fillos, así como coas persoas delas dependentes e actuacións dirixidas á loita contra a explotación sexual en xeral e a prostitución en particular. A contía máxima que pode recibir unha entidade local por este programa é de 10.000 euros no caso dunha solicitude individual, e de ata 20.000 euros se é unha solicitude conxunta de varios concellos. Conta cun orzamento de 352.000 euros

A terceira liña de axudas é o programa de apoio aos centros de informacións ás mulleres, os CIMS, e que ten coma finalidade reforzar a funcionalidade dos CIM e consolidar os postos e o perfil profesional das persoas, sendo subvencionables o cadro de persoal ou a relación de postos de traballo da entidade, de prazas para persoal funcionario, laboral fixo ou indefinido para prestar servizos no CIM, para a atención a mulleres en situación de vulnerabilidade; a contratación laboral temporal ou mercantil de profesionais para a prestación dos servizos de asesoramento xurídico ou de

atención psicolóxica, así como para levar a cabo as funcións de axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero. A contía máxima que pode recibir unha entidade local por este programa é de 45.000 euros, e ata 120.000 euros no caso dunha solicitude conxunta. Para esta liña de actuación, o importe nesta convocatoria supera os 3,3 millóns de euros.

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DE CONEXIÓN DA AUTOVÍA A-52 CO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 21 MILLÓNS DE EUROS**

- *O Goberno galego licitará nas vindeiras semanas o contrato para a execución desta nova estrada, que comezarán antes do verán de 2018 e terán un prazo de 24 meses, polo que estarán finalizadas a mediados de 2020*
- *A nova vía comezará no enlace de Gargantós, que conecta a A-52 e a autovía Ourense-Celanova mediante a reordenación de accesos a través dunha glorieta baixo a autovía A-52, salvando o río Benito, e finalizando na estrada N-525*
- *Esta estrada, unha vez en servizo, reducirá o percorrido de conexión coa A-52 nun 66 %, ao pasar de 11 a 4,5 quilómetros, e tamén mellorará a conectividade coa autovía de Celanova*
- *O trazado escollido é froito de compatibilizar a menor afección posible aos terreos, edificacións e infraestruturas xa existentes cos requirimentos técnicos dunha vía destas características*
- *Trátase dunha infraestrutura chave para o principal centro industrial da provincia, onde operan máis de 300 empresas en que traballan preto de 8.000 persoas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a contratación da obra da vía de conexión da A-52 co polígono industrial de San Cibrao das Viñas. Esta infraestrutura de nova construción unirá a: autovía das Rías Baixas (A-52) coa N-525 e suporá un investimento da Administración autonómica de máis de 21 millóns de euros.

O Goberno galego licitará nas vindeiras semanas o contrato para a execución das obras, que comezarán antes do verán de 2018 e terán un prazo de 24 meses, polo que estarán finalizadas a mediados de 2020.

A Xunta reservou no seu proxecto de orzamentos para o ano 2018 unha partida orzamentaria específica para infraestrutura, ao tempo que se reservan os fondos necesarios para executala nos orzamentos futuros.

Esta actuación será cofinanciada con fondos Feder do programa operativo 2014-2020, que permitirán garantir a execución desta conexión

Estas obras teñen por obxecto a construción dunha vía de novo trazado, que contará con preto de 4,5 quilómetros de lonxitude e percorrerá os termos municipais de San Cibrao das Viñas e de Taboadela. O trazado escollido é froito de compatibilizar a menor afección posible aos terreos, edificacións e infraestruturas xa existentes cos requirimentos técnicos dunha vía destas características.

A nova vía comezará no enlace de Gargantós, que conecta a A-52 (punto quilométrico 217,5) e a autovía AG-31 (Ourense-Celanova) mediante a reordenación de accesos a través dunha glorieta baixo a autovía A-52, salvando o río Benito e finalizando na estrada N-525 (p.q 227), ao sur do actual acceso ao polígono industrial de San Cibrao. Contará cun largo de plataforma de 14 metros, con dous carrís, beiravías e bermas, na metade da traza engádese un terceiro carril para vehículos rápidos, por mor da pendente e para facilitar o adiantamento.

A infraestrutura tamén contará cun viaduto de 510 metros sobre o rego de San Benito, con pilas de altura de entre 20 e 54 metros e executaranse dúas estruturas no enlace coa A-52, e 4 pasos inferiores e un superior para dar continuidade ás estradas locais existentes e aos camiños de servizo que se proxectan ao longo da traza. Entre as actuacións complementarias poden destacarse o cerramento da nova vía ou a instalación semaforizada prevista nos ramais da glorieta do enlace coa A-52, para facilitar a circulación dos peóns en condicións seguras.


O proxecto enmárcase na reserva viaria aprobada no Plan Sectorial da Rede Viaria de Ourense e a súa área de influencia. Unha vez que estea en servizo, a vía reducirá o percorrido de conexión coa autovía en aproximadamente un 66%, ao pasar de 11 a 4,5 quilómetros, e, adicionalmente, mellorará a conectividade coa autovía de Celanova.

O polígono de San Cibrao das Viñas conta con 5 millóns de m<sup>2</sup> de superficie, con máis de 300 empresas instaladas, e dá emprego a preto de 8.000 persoas, polo que é un motor económico para toda a provincia de Ourense, que precisa das boas conexións coa rede viaria de alta capacidade para incrementar a súa eficacia na distribución de materias e mercadorías e xerar maior actividade.

Con esta obra, preténdese impulsar unha conexión estratéxica que atenderá a demanda empresarial e cidadá, favorecerá a mobilidade e os desprazamentos nesta área industrial e ofrecerá novas facilidades para que as industriais alí asentadas poidan medrar. A mellora das conexións significará novas oportunidades para que o polígono se converta en polo de atracción de novos investimentos na provincia de Ourense e de toda Galicia.



Situación



## **A XUNTA IMPULSA UN PLAN PIONEIRO PARA A DIXITALIZACIÓN DE 100 PEMES E QUE, SUMADO AO PROGRAMA DE FORMACIÓN 4.0, PERMITIRÁ MOBILIZAR MÁIS DE 10M €**

- *O Goberno galego activa preto de 6 millóns en novas axudas para xerar proxectos que permitan investir na dixitalización do tecido empresarial, así como impulsar accións formativas no ámbito da industria 4.0 que beneficien 1000 traballadores e mandos intermedios*
- *Desenvolveranse en 2018 catro convocatorias para facilitar proxectos dixitais, nos cales terán prioridade as iniciativas colectivas formadas por grupos de empresas*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria tamén busca a especialización, sobre todo nas pequenas e medianas empresas, en eidos como a robótica, o big data, vehículos autónomos, internet das cousas ou ciberseguridade*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria destina, a través do Igape, preto de 6 millóns de euros a investimentos no ámbito da fábrica intelixente co obxectivo de favorecer o impulso de proxectos colectivos de dixitalización que beneficien 100 pemes galegas, así como á formación para achegar coñecementos a 1000 traballadores e mandos intermedios en tecnoloxías, procesos e metodoloxías da Industria 4.0. Estas novas convocatorias, aprobadas hoxe no Consello da Xunta por anticipado de gasto e axilizar deste xeito a súa tramitación en 2018 favorecerán a mobilización de máis 10 millóns de euros.

A Xunta impulsa, por cinco millóns de euros, iniciativas que xeran proxectos colectivos de dixitalización nas pemes da Comunidade, apoiando así investimentos nestes ámbitos ao abeiro da Axenda Industria 4.0 e contando con financiamento a través Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

O deseño do novo programa de axudas á dixitalización provén dos plans de sistemas sectoriais que realizan conxuntamente a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, e o Clúster TIC de Galicia, e que teñen como finalidade detectar as principais necesidades e oportunidades de dixitalización. O obxectivo é apoiar a posta en marcha de sistemas informáticos nos ámbitos que teñen máis potencial para achegar valor ás empresas: tanto proxectos colectivos de soporte a procesos sectoriais multiempresa como proxectos individuais de intelixencia artificial e de conectividade inter e intraempresarial.

Ademais da realización de cursos para a xeración de proxectos colaborativos de dixitalización financiados ao 100 %, ao abeiro do novo programa, ofreceranse axudas a investimentos no eido dixital que poderán cubrir ata o 30 %, no caso das pequenas empresas, e ao 20 % para as medianas, ben que os gastos de colaboracións externos necesarios poderán contar con apoios do 50 %. Para facilitar a posta en marcha destas iniciativas de dixitalización haberá unha serie convocatorias ao longo do próximo ano. En

concreto, tras a publicación da orde de axudas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), o prazo para a presentación das primeiras solicitudes estará aberto ata o 31 de xaneiro de 2018 no caso de cursos e ata o 28 de febreiro no das axudas a investimentos.

No desenvolvemento de solucións ou sistemas de dixitalización terán prioridade proxectos colectivos, é dicir, formados por grupos de empresas que colaboren na súa implantación e que, de maneira opcional, poden estar coordinadas por un organismo intermedio.

A Xunta reforza así a súa aposta por un modelo de peme 4.0, dixital, innovadora e exportadora -proceso xa iniciado mediante programas de servizos avanzados como ReAcciona TIC, impulsado conxuntamente polo Igape e a Amtega- e polos recursos humanos especializados como un activo imprescindible para a empresa galega. O novo programa vén reforzar e complementar, por outra banda, as convocatorias de axudas para impulsar investimentos 4.0, que se activarán por terceira vez en 2018 e que xa teñen beneficiado a 70 empresas con máis de 15 millóns de euros en investimentos.

#### **Formación 4.0**

Das axudas á formación 4.0, que dispoñen dun orzamento de 700.000 euros para 2018, poden beneficiarse organismos intermedios (clusters e centros tecnolóxicos) que organicen programas formativos en que participen persoas vinculadas profesionalmente cunha peme galega (empregados, autónomos dependentes, empresarios autónomos, socios ou administradores). Estas axudas apoiarán programas formativos en eidos como a robótica, o tratamento masivo de información (big data), os vehículos autónomos, a conectividade (internet das cousas), a ciberseguridade ou a Loxística 4.0.

Os proxectos de capacitación en xestión e organización empresarial van dirixidos a traballadores e, preferentemente, mandos intermedios, co obxectivo de chegar aos 1000 profesionais, que se formará en organización industrial, liderado de proxectos, protocolos de cooperación interempresarial, utilización de ferramentas de *business intelligence* (intelixencia empresarial) e de vixilancia tecnolóxica, cocreación de produtos, novos modelos de negocio e eficiencia enerxética. Estes proxectos deberán incluír formación presencial nas empresas nunha porcentaxe non inferior ao 20 % do total das horas.

As axudas cubrirán o 70 % dos gastos no caso de que o organismo intermedio beneficiario cumpra as condicións de pequena empresa, do 60 % no caso de mediana empresa e do 50 % nos restantes casos. Ademais, nesta convocatoria establécese unha maior concreción nas temáticas a apoiar para buscar maior especialización.

Trátase da terceira convocatoria deste programa para o que o prazo de presentación de solicitudes será de dous meses a partir do 2 de xaneiro de 2018. A resolución, polo sistema de concorrencia competitiva, incluírá nesta edición, como novidade, a defensa pública dos proxectos, na procura de maiores cotas de eficiencia.

En todos os proxectos deben participar un mínimo de 5 traballadores en activo de pemes con centro de traballo ou domicilio social en Galicia. Os proxectos terán unha duración presencial mínima de 30 horas para cada asistente, que deberá levarse a cabo en Galicia. Poderanse realizar varias edicións dos proxectos formativos con distintos asistentes. Non se concederán axudas inferiores a 3.000 euros para buscar maior eficiencia mediante cursos de maior duración ou para grupos máis numerosos.

A través desta formación especializada do capital humano das empresas, a Xunta avanza no desenvolvemento da Axenda Industria 4.0, que ten como obxectivo impulsar a modernización do tecido produtivo galego, camiñando cara a implantación da industria conectada -a fábrica intelixente- e incrementando o seu peso no PIB ata 2020. Logo de chegar a 4.200 empresas co desenvolvemento do primeiro plan bienal da Axenda 4.0, a Administración autonómica está na segunda fase (2017-2018), cunha dotación orzamentaria de 175 millóns de euros.

## **A XUNTA CONTRIBÚE AO DESENVOLVEMENTO DA ECONOMÍA SOCIAL CON AXUDAS POR 3,3M€ QUE BENEFICIARÁN MÁIS DE 3.000 DESEMPREGADOS**

- *O Goberno galego convocará tres programas de apoio ás empresas deste sector para impulsar o cooperativismo e, ao mesmo tempo, prestar especial atención ás persoas que máis o necesitan*
- *Aprol Economía Social, dotado con 1,8 millóns, fomenta o emprego apoiando a incorporación de novos socios con axudas que poden alcanzar os 67.500 euros por entidade*
- *O próximo ano, como novidade, os incentivos aumentarán nun 25 % para os maiores de 45 anos e para os emigrantes retornados*
- *Invístense máis de 1,2 millóns para apoiar as entidades colaboradoras coa Rede Eusumo para seguir promovendo a realización de actividades de formación ou o asesoramento a emprendedores*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria dedica preto de 300.000 euros á promoción e consolidación das organizacións máis representativas deste eido como son as cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción laboral e centros especiais de emprego*
- *A Administración autonómica, a través da Axenda 20, contará para 2018 cun orzamento que supera os 17 millóns de euros, un 3,4 % máis que este ano, para fortalecer a este sector e mellorar a súa competitividade*

O Consello da Xunta aprobou hoxe tres ordes de axudas que se publicarán nas próximas semanas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), previsiblemente na segunda quincena de xaneiro e que permitirán investir o próximo ano máis de 3,3 millóns de euros para seguir impulsando o crecemento da economía social de Galicia e mellorar a súa competitividade. Trátase dun sector en auge que representa a 7.000 entidades e 320.000 persoas. A través destas tres iniciativas, a Consellería de Economía, Emprego e Industria prevé beneficiar máis de 3.000 persoas desempregadas.

En concreto, as medidas das cales se informou hoxe foron Aprol Economía Social, dotado con 1,8 millóns de euros; axudas para as entidades da Rede Eusumo, con 1,25 millóns, para seguir promovendo a realización de actividades de fomento deste sector; e apoios para as entidades asociativas (asociacións de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral) con 290.000 euros.

Aprol Economía Social ten como obxectivo apoiar o emprendemento colectivo incentivando, dun lado, as cooperativas e as sociedades laborais para que incorporen a novos socios con axudas de ata 15.000 euros por cada persoa incorporada, sendo o máximo por entidade de 67.500 euros. Doutra banda, apoia as persoas desempregadas, con especial atención aos colectivos que máis o necesitan, para que

se incorporen ás cooperativas e sociedades laborais, financiando a achega ao capital social obrigatorio e cotas de ingreso con ata 15.000 euros. A estas axudas tamén poden acollerse as persoas que inician unha actividade por conta propia e se incorporan a unha cooperativa para a comercialización ou obtención de servizos.

A Xunta prevé beneficiar con estas axudas a 150 persoas sen emprego que atoparán un traballo a través dunha cooperativa ou sociedade laboral e a 50 entidades que amplíen o número de socios.

Este programa inclúe novidades con respecto ao ano pasado: amplíase o prazo de solicitude dos apoios, ata o 1 de outubro, desde o día seguinte á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), previsto para as próximas semanas (o pasado ano o prazo foi dun mes); e as axudas aumentarán nun 25 % para os maiores de 45 anos e para os emigrantes retornados.

### **Rede Eusumo**

O segundo dos programas, aprobado hoxe no Consello da Xunta, corresponde ás axudas para 2018 e 2019 para asesoramento, difusión e formación do emprendemento a través da Rede Eusumo, unha canle que creou o Goberno galego en 2012 para o fomento do cooperativismo e a economía social. Estímase que se poidan beneficiar destas axudas 80 entidades para a realización de actividades en que participarán preto de 3.000 persoas.

A esta iniciativa, que contará cun prazo de solicitude dun mes desde a data de publicación no DOG, destínanse máis de 1,2 millóns e vai dirixida ás entidades adheridas á Rede, como son asociacións de entidades de economía social; concellos, áreas metropolitanas, mancomunidades e consorcios locais; cámaras de comercio; universidades; e fundacións e asociacións, organizacións profesionais, empresariais e sindicais. A contía máxima pode acadar os 170.000 euros. A través desta Rede lévanse a cabo principalmente accións de formación e asesoramento tanto a emprendedores como a entidades xa existentes.

A Rede Eusumo, a día de hoxe, conta con 210 entidades adheridas, creándose desde a súa posta en marcha 128 organizacións de economía social, que xeraron máis de 480 empregos directos. Desde a súa constitución, asesoráronse a 745 grupos de promotores para o impulso de proxectos cooperativos, con máis de 2550 persoas implicadas. Ademais, organizáronse máis de 1000 actividades formativas e informativas ás cales asistiron 16.500 persoas. Como novidade, este programa será plurianual, o que facilitará a organización das actividades e permitirá unha mellor planificación e maior impacto no sector.

Por último, a Consellería de Economía, Emprego e Industria destina 290.000 euros para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais e dos centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral. A previsión é beneficiar a unha decena de entidades con estes apoios. Do que se trata é de apoiar a estes colectivos cos gastos xerados polo seu funcionamento.

Estes tres programas contribúen a impulsar a economía social e a súa competitividade, e a fomentar o autoemprego en Galicia, un dos retos principais da Axenda 20, coa que o Goberno autonómico está impulsando o emprego estable na Comunidade. Esta actuación forma parte tamén da Estratexia para o impulso do cooperativismo galego 2016-2020, a través da que en 2018 se investirán máis de 17 millóns de euros para impulsar a economía social, o que supón un 6,4% máis que este ano. Ademais, a Xunta para este sector conta cun fondo de XesGalicia dotado con 5 millóns para financiar novos proxectos neste ámbito.

Esta actuación, en xeral, enmárcase no labor de fomento e promoción que vén realizando a Xunta no eido da economía social con diversas ferramentas como a Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia, que aprobou o Goberno galego para poñer en valor este sector impulsando un modelo de desenvolvemento económico, social, equilibrado e sustentable.

## **A XUNTA RATIFICA O SEU COMPROMISO COAS RENOVABLES COA TRAMITACIÓN DOS PRIMEIROS 400 MW DE ENERXÍA EÓLICA ADXUDICADOS NAS POXAS DO ESTADO**

- *O Consello da Xunta autoriza a declaración de interese especial para a implantación de 18 parques eólicos e 14 infraestruturas de evacuación que suporán un investimento de 450 millóns de euros*
- *Grazas á Lei de implantación empresarial, que posibilita a declaración de interese especial, estes proxectos serán prioritarios e simplificarase a súa tramitación reducindo os prazos á metade para a obtención dos informes necesarios para a súa autorización*
- *O desenvolvemento destes parques xerará máis de 6000 empregos durante a súa construción e ao redor de 80 durante a súa explotación*
- *Os concellos onde se instalen os proxectos ingresarán 13,3 millóns de euros a través do canon eólico*

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, ratifica a súa aposta co fomento das enerxías renovables dentro do seu compromiso co medio ambiente e co cumprimento dos acordos de París e tramita os primeiros 400 MW de enerxía eólica autorizados polo Estado nas tres últimas poxas do Ministerio de Enerxía.

En concreto, o Consello da Xunta declara de interese especial un total de 18 proxectos de parques eólicos e 14 infraestruturas de evacuación, iniciativas que supoñen un investimento, por parte dos promotores, de 450 millóns de euros e xerarán máis de 6000 empregos durante a súa construción e ao redor de 80 durante a súa explotación. Ademais, a realización destas infraestruturas permitirá aos concellos onde se implanten un ingreso anual do canon eólico de preto de 665.000 euros, alcanzando así os 13,3 millóns na fase de explotación.

A declaración de interese especial destes proxectos é unha nova figura que introduce a Lei de implantación empresarial e que permitirá a tramitación prioritaria destas actuacións, así como a redución á metade dos prazos necesarios para obter as autorizacións preceptivas para a construción dos parques. O obxectivo é que se executen en Galicia proxectos de enerxías renovables no marco destas poxas do Estado, tendo en conta que deben estar executados antes do 1 de xaneiro de 2020. Todo isto lógrase mantendo todas as garantías xurídicas, técnicas e ambientais.

A Lei de implantación empresarial, introduce unha serie de novidades na normativa eólica para favorecer o impulso da actividade económica en Galicia vinculada a esta fonte de enerxía renovable. Así, ademais da declaración de interese especial dun proxecto, recolle unha liberalización do sector coa eliminación do concurso público; máis transparencia e modernización grazas á creación do Rexistro Eólico Galego en que



se inclúen novas solicitudes -ata agora, realizáronse 33 peticións-, parques en tramitación e os que están en funcionamento; e unha maior certeza temporal ao establecer en 3 anos o máximo para obter unha autorización de construción e outros tres para iniciar a súa explotación.

Está previsto que a declaración de interese destes 18 parques e as súas liñas de evacuación se complete, proximamente, con outras infraestruturas que tamén se desenvolverán no marco das poxas do Estado, e que permiten que en Galicia se poidan chegar a instalar máis de 600 MW. Na actualidade, na Comunidade hai en funcionamento 160 parques que suman máis de 3.300 MW instalados.

## **A XUNTA MOBILIZA 7,56 MILLÓNS DE EUROS PARA 100 CONTRATOS PREDOUTORAIS DE CIENTÍFICOS DO SUG NOS VINDEIROS TRES ANOS**

- *Os contratos manteñen os mesmos niveis que na anterior convocatoria: oscilarán entre os 20.500 e os 23.500 euros anuais dependendo da modalidade*
- *Nesta liña de axudas garántese a representación de todas as ramas de coñecemento e inclúense estadias de tres meses de duración no estranxeiro*
- *Na selección valorarase a pertenza dos candidatos a grupos de investigación ou ás mellores estruturas de investigación do sistema: as agrupacións estratéxicas consolidadas e os centros singulares de investigación*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria garante un ano máis a formación inicial dos investigadores galegos ao financiar outros 100 contratos predoutorais desde 2018 ata 2021. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á convocatoria deste ano de axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do sistema galego de I+D+i; unha convocatoria que, por segundo ano consecutivo, se fai de forma conxunta entre as consellerías de Educación e de Economía, Emprego e Industria. Ao igual que na convocatoria anterior, mobilízanse 7,56 millóns de euros co obxectivo de beneficiar un total de 100 investigadores.

Este programa fomenta a formación dos científicos desde etapas iniciais (preparación da tese doutoral), partindo da base de que, mediante procesos formativos estables, adquirirán as habilidades propias do persoal investigador. Ademais, permite lograr que o sistema alcance unha dimensión dos seus recursos humanos de investigación, comparable a outros países europeos. En concreto, hoxe hai 227 contratos predoutorais no Sistema Universitario de Galicia enmarcados dentro desta liña de apoio.

### **Modalidade A: ata 23.500 euros**

A convocatoria divídese en dúas modalidades. Na modalidade A as axudas están enfocadas a potenciar as traxectorias de investigación vinculadas ás áreas estratéxicas segundo os obxectivos definidos na Estratexia de especialización intelixente de Galicia RIS3, para mellorar a competitividade, o crecemento económico e o emprego sustentable a través da innovación, e que orientarán as políticas de cohesión da Unión Europea para o período 2014-2020.

A previsión é financiar 57 contratos predoutorais nesta modalidade e o importe máximo de cada axuda ascenderá a 23.500 euros anuais.

### **Modalidade B: ata 20.500 euros**

Con esta modalidade búscase garantir a representación de todas as ramas do coñecemento, establecendo un número de prazas para aquelas áreas que se atopan con máis dificultades de encaixe directo nos sectores produtivos, pero que resultan fundamentais para o crecemento sustentable dunha económica baseada no coñecemento. Deste xeito, garántese un mínimo de 10 axudas no ámbito das universidades para Artes e Humanidades, e outras 10 para Ciencias Sociais e Xurídicas, sempre que o número de solicitudes o permita.

Nesta categoría beneficiaranse un total de 43 investigadores que preparan a tese e o importe máximo de cada axuda será de 20.500 euros anuais.

### **Mención de doutor internacional**

Ademais, ambas as dúas convocatorias inclúen estadias de tres meses de duración no estranxeiro cun importe máximo de 6.500 euros, en función do destino. Isto supón un aumento dun 33% da contía para as estadias con respecto a anos anteriores, co fin de adecualo aos niveis económicos dos países de destino.

Deste xeito, se o científico escolle Portugal ou Andorra recibirá 1.200 euros; se realiza a súa estancia en Europa (salvo os dous países anteriores), África ou América (agás Estados Unidos e Canadá) terá á súa disposición 4.000 euros; e se o destino é Estados Unidos, Canadá, Asia ou Oceanía, a achega será de 6.500 euros.

As estadias no estranxeiro, que terán que realizarse entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de outubro dese mesmo ano, permitiranlles acadar a mención de doutor ou doutora internacional.

Cómpre ter en conta que, dentro dos criterios de puntuación, terase en conta que o candidato pertenza a un grupo con potencial crecemento ou de referencia competitiva do SUG, a un equipo de investigación dirixido por persoal investigador do programa Oportunus ou ben ás mellores estruturas de investigación coas que conta o sistema universitario: as agrupacións estratéxicas consolidadas e os centros singulares de investigación.

### **Máis de 16 millóns para fortalecer a masa investigadora**

Esta convocatoria, que en breve sairá no *Diario Oficial de Galicia*, súmase ao programa de apoio á etapa de formación posdoutoral (á falta da convocatoria para 2019, a convocatoria do presente ano 2018 está dotada con preto de 9 millóns para formalizar 71 novos contratos) que busca favorecer a internacionalización, a especialización e a consolidación nas universidades galegas do talento investigador.

---

Entre ambas as dúas liñas de apoio, Educación e GAIN mobilizan máis de 16 millóns de euros ata 2021 co fin de financiar a tese e formar os investigadores nunha primeira etapa, así como internacionalizar e reter os científicos na fase posdoutoral.

## **O SERGAS CONTRATARÁ DE FORMA CENTRALIZADA A REALIZACIÓN DAS PROBAS DE LABORATORIOS EXTERNOS**

- *A licitación terá un orzamento de máis de 2 millóns de euros*
- *Permitirá homoxeneizar o servizo en todas as estruturas organizativas de xestión integrada e fixar prezos únicos para os distintos tipos de probas*
- *O contrato está incluído no Plan de compras integradas do Servizo Galego de Saúde*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación do servizo de realización de probas de laboratorio externo para os centros dependentes do Servizo Galego de Saúde. A licitación ten un orzamento de 2.082.522,52 (sen IVE).

O Servizo Galego de Saúde busca conseguir que o 80 % das probas a realizar polos laboratorios externos se fagan mediante este contrato o que contribúe a acadar os obxectivos de maior volume de compra cumprindo cos principios reitores establecidos na lei de contratos do sector público.

Garante, así mesmo, a homoxeneización do servizo cunha calidade axeitada en todo o sistema e permite fixar prezos únicos para os distintos tipos de probas.

Na actualidade este servizo é prestado directamente por cada Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI), desde que rematou o anterior contrato centralizado. No expediente que se autorizou hoxe, en relación co anterior, a duración do contrato inicial pasa de 12 a 28 meses e con posibilidade de prórroga por outros 24 meses e todas as probas se inclúen nun único lote coa finalidade de conxugar unha maior eficiencia técnica e un maior beneficio para o doente.

Coa presente licitación preténdese fixar prezos únicos para las distintas probas. Os próximos pasos serán a publicación da licitación deste expediente, a valoración das ofertas, adxudicación e formalización do contrato.

### **Plan de compras integradas**

O Plan de compras integradas 2016-2017 do Servizo Galego de Saúde recolle a realización de 57 expedientes de compra para todos os centros do Sergas, por un valor de compra anual de 157,5 millóns de euros. Destas contratacións, 121,4 millóns de euros son compras de produtos e servizos que se incorporan por primeira vez ao sistema de compras integradas deste organismo.

Coa posta en marcha deste plan, a Consellería de Sanidade contribúe á sustentabilidade do sistema sanitario público da nosa comunidade, reducindo os prezos

---

dos bens e servizos adquiridos no mercado e mellorando e homoxeneizando a súa calidade en todo o sistema sanitario público.

Cómpre lembrar que os obxectivos do plan, ca que colaboran todas as estruturas de xestión do Servizo Galego de Saúde, son, por un lado, avanzar cara a central de compras, unificando ao máximo posible os produtos almacenados na Plataforma Loxística do Sergas; e, por outro, contribuír á sustentabilidade económica do sistema, diminuíndo os prezos de compra nun 10 % como mínimo, debido ao incremento da escala de compra e á homoxeneización dos produtos adquiridos.

## **O SERGAS AFORRARÁ MÁIS DE 122.000 EUROS NA ADQUISICIÓN DE VÁLVULAS E IMPLANTES CARDÍACOS PARA A ÁREA SANITARIA DE VIGO**

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación da subministración sucesiva de válvulas e outros implantes cardíacos con destino a Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo. O orzamento total de licitación é de 2.888.006,00 € (IVE incluído).

A baixada media dos prezos de compra prevista é dun 5 %, co que se produciría un aforro previsto de 122.881,00 € nos 2 anos de contrato. Preténdese conseguir un aforro que partiría dun 3 % no caso das válvulas biolóxicas e podería acadar ata un 22 % no caso dos anelos de anuloplastía. No caso das válvulas mecánicas o aforro podería oscilar entre un 5 % e un 11 % dependendo do tipo de válvula.

Os obxectivos desta contratación son garantir a continuidade e a calidade na subministración sucesiva de válvulas e outros implantes cardíacos necesarios para a actividade sanitaria desenvolvida na EOXI de Vigo e conseguir un aforro sobre os prezos actuais.

Ademais, contribúe á sustentabilidade do sistema sanitario público e tamén mellora e iguala a atención sanitaria a todos os usuarios da área.

Logo da autorización por parte do Consello da Xunta, procederase á licitación, valoración das ofertas, adxudicación e formalización do contrato.

## **A XUNTA GARANTE A CONTINUIDADE DA ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL NO CENTRO DE DÍA O SALGUEIRO DE GONDOMAR**

- *A Administración autonómica prorroga para todo o ano 2018 o contrato de xestión do centro coa entidade Autismo Galicia, mantendo así 12 prazas públicas de atención a persoas con trastorno do espectro autista con necesidades de apoio extenso e xeneralizado*
- *Galicia atende na actualidade a 54.327 persoas en situación de dependencia o que sitúa a ratio de cobertura por enriba do 81,12%, 6 puntos máis que a media nacional*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a prórroga para todo o ano 2018 do contrato en réxime de concerto coa Asociación Autismo Vigo para a xestión da residencia e centro de día O Salgueiro, situado no municipio pontevedrés de Gondomar. Deste xeito, o Goberno galego garante e a continuidade de 12 prazas de atención a persoas con trastorno do espectro autista con necesidades de apoio extenso e xeneralizado e o seu orzamento ascende a un total de 250.743,84 euros.

O obxectivo desta medida impulsada pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social é seguir a consolidar a rede autonómica de atención residencial. Así mesmo, a intención é paliar as necesidades en materia de atención no ámbito da discapacidade no concello de Gondomar e, ao mesmo tempo, seguir a avanzar na implantación dun sistema de atención social especializada que ten en conta as necesidades e os desexos do colectivo das persoas con discapacidade intelectual e das súas familias.

A duración deste acordo para a continuidade da xestión do centro O Salgueiro a cargo da entidade Autismo Vigo está prevista desde o vindeiro día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2018, podéndose prorrogar expresamente por anos naturais sucesivos de acordo coa normativa vixente,

Esta actuación está enmarcada dentro do ámbito da lei de dependencia e responde ao obxectivo da Xunta de Galicia de incrementar o número de prestacións públicas para persoas en situación de dependencia.

Neste sentido, actualmente Galicia atende a 54.327 dependentes o que eleva a ratio de cobertura ata o 81,12 %, 6 puntos máis que a media nacional. Así mesmo, cómpre salientar que este reforzamento da atención á dependencia prodúcese fundamentalmente mediante o incremento da atención con servizos profesionais, que supoñen o 78,44 % do total das prestacións, 11 puntos por enriba da media estatal.



---

Por último, cómpre salientar que, no ano 2018 a partida económica reservada para a atención de persoas con discapacidade aumenta un 8.69 % con respecto ao presente exercicio ata situarse en 102,8 millóns de euros.

## **A XUNTA CONSTRUIRÁ UNHA NOVA PONTE SOBRE O RÍO LESTA PARA FACILITAR A MOBILIDADE DOS VECIÑOS DE ORDES**

- *Será a través dun convenio entre a Consellería do Medio Rural e o concello de Ordes por valor de case 58.000 euros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de cooperación entre a Consellería do Medio Rural e o concello de Ordes para a construción dunha nova ponte sobre o río Lesta. O custo da obra está fixado en 57.989,35 euros e forma parte do Plan de infraestruturas rurais (PIR) que a Consellería do Medio Rural vén desenvolvendo para a execución de obras con carácter de urxencia nos concellos.

Actualmente, esta infraestrutura presenta un estado deficiente que impide a circulación baixo condicións de seguridade tanto para vehículos como para persoas. O obxectivo agora é construíla de novo dando como resultado unha ponte cunha luz de sete metros, unha altura de dous e un largo de oito. O prazo de execución previsto é de tres meses e o orzamento repartirase nas anualidades 2017 e 2018.

A través deste proxecto preténdese mellorar os desprazamentos dos habitantes do rural e abaratar os custos de produción das granxas ao renovar as súas comunicacións. Deste xeito, increméntase a calidade de vida dos veciños e, como consecuencia, favorécese o asentamento de poboación no rural, un dos obxectivos principais desta consellería. A través do PIR 2017 investíronse arredor de 4,6 millóns de euros en distintos tipos de infraestruturas e camiños de toda Galicia aos que agora se suman estes preto de 58.000 euros máis.

## **A XUNTA DESTINARÁ EN 2018 UN TOTAL DE CINCO MILLÓNS DE EUROS ÁS AXUDAS PARA A CONTRATACIÓN DE SEGUROS AGRARIOS**

- *Este importe é o máis elevado dos últimos cinco anos e incrementase nun 8 % con respecto ao 2017*
- *No 2016 contratáronse en Galicia un total de 53.511 pólizas de seguros agrarios, cunha superficie amparada que superou as 10.000 hectáreas, preto de 25 millóns de animais asegurados e un capital cuberto de 609 millóns de euros*

A Xunta destinará no 2018 un total de cinco millóns de euros ás axudas para a contratación de seguros agrarios por parte dos agricultores e gandeiros galegos. Este importe é o máis elevado dos últimos cinco anos e incrementase nun 8 % con respecto ao 2017. Así consta nun informe da Consellería do Medio Rural avaliado hoxe polo Consello do Goberno galego.

Coa aprobación destas axudas, a Administración autonómica consolida o seguro agrario como ferramenta eficaz e fiable diante dos riscos naturais no sector agrario, permitindo aos agricultores e gandeiros a obtención de rendas dignas en caso de sinistros e achegando estabilidade á xestión das súas explotacións.

As axudas contidas nesta orde tramítanse por medio do convenio suscrito pola Consellería do Medio Rural e Agroseguro (Agrupación Española de Entidades Aseguradoras de Seguros Agrarios Combinados). Deste xeito, a formalización da póliza ou contrato de seguro pola persoa asegurada considerárase solicitude de axuda e neste momento ao agricultor ou gandeiro xa se lle desconta o importe correspondente á subvención do Ministerio e da Xunta. Desta forma, só paga o importe que lle corresponde ao beneficiario. Posteriormente, Medio Rural liquida con Agroseguro as cantidades debidas polas pólizas contratadas.

A gran vantaxe destas axudas, ademais da importante diminución do custo, é que son de adjudicación directa e os fondos percíbense no momento da contratación da póliza e xa se lle desconta ao beneficiario o importe das subvencións públicas. Isto, a diferenza da maioría das axudas, que normalmente son en concorrencia e se reciben unha vez solicitadas e xustificado o gasto.

No 2016 (último dato dispoñible) contratáronse en Galicia un total de 53.511 pólizas de seguros agrarios, cunha superficie asegurada que superou as 10.000 hectáreas. O número de animais asegurados achegouse aos 25 millóns e o capital asegurado acadou os 609 millóns de euros.

### **Tipos de seguros**

A maioría das pólizas (máis do 90 %) corresponderon á liña de seguros de retirada, transporte e destrución de animais mortos nas explotacións agrarias. Do resto, arredor do 8 % refírese a pólizas de seguros de producións gandeiras. Foron 4.282 en total, con 1,6 millóns de animais asegurados e un valor da produción cuberta de 443 millóns de euros, sendo as máis numerosas as de explotacións de gando vacún reprodutor.

A liña de seguros de producións agrícolas é a que menor número de pólizas ten contratadas, un total de 975, cunha superficie asegurada de arredor de 10.000 hectáreas. Dentro deste grupo as liñas máis contratadas corresponden á uva para vinificación (algo máis da metade das pólizas deste tipo), con preto de 2.000 hectáreas e 13 millóns de quilos de froito aseguradas. Isto supón que aproximadamente un 25 % da superficie de viñado en denominación de orixe está asegurado, polo que aínda existe unha gran posibilidade de medrar neste sector.